

Manuel Seixas: «Estiven morto pero volví. Agora estou en paz coa vida»



María e Xosé están sós. Pero non é iso o peor que lles pasa. O que máis doe é o medo a si mesmos. A ferir. E o non atopar sentido a erguerse da cama todos os días. Mais nunca amence que non saia o sol. Manuel Seixas volve, despois de anos, con *Interferencias*, unha novela na que abrolla, como nas anteriores, o maltrato. E o amor como procura. Mais non só volveron os libros. Tamén o fixo Manuel, segundo conta el mesmo. Un Manuel novo que pasou a súa “longa noite de pedra”. Porque, di el mesmo, os milagres -laicos- existen. E pódese regresar da escuridade.


Non publicabas unha novela desde había moitos anos. Pero non deixaras de escribir. No blog que fixeron cando te homenaxearon, *Sonhando con seixas*, poden atoparse moitas cousas.

Escribía para min, para a páxina web, pero sen intención de editar. Para min é unha necesidade, como comer ou respirar. Tiven unha “longa noite de pedra” entre o 2005 e o 2010. Foi como estar no inferno: pánico, angustia... Cando pensaba que xa morrera como persoa, o último que me dera tempo a escribir fora esta novela. E débolle a catro mulleres: Chus, Elena, Estela e María, que se publique. Porque eu pensaba que o libro non pagaba e pena e elas animáronme a loitar por el. Por iso me decidín. Manolo Bragado tamén se empeñou en publicalo...

Ao principio, parece que o tema é a soidade. Pero despois vese que o conflito dos dous personaxes vai alén diso. É existencial. O narrador fala da “brutalidade de terse que levantar cando o espírito non existe”.

É verdade. Non é só a soidade. Son personaxes derrotados que non lle atopan sentido á vida. O que eu estaba pasando neses anos está reflectido nos personaxes. É esa sensación de estar na fronteira: ou sigo aquí ou marchó...

No medio dese conflito aparece a idea do amor, -os afectos-, como salvación. E non é a primeira vez. En *Bailarina* tamén era así, nun mundo extremadamente hostil. En *A velocidade do frío* os dous personaxes acaban decatándose de que o perderon todo por destruír iso.



É unha das miñas teimas, si. Os afectos como salvación. É unha inquietude de toda a vida: aínda tento saber o que é o amor. Esa é se cadra a idea máis importante das novelas: a comunicación de almas, de espíritos. E o problema é que aínda non conseguín salvar ningún personaxe por amor. En *A velocidade do frío* quizais os salvei un pouco porque ao final quérense á súa maneira, pero é verdade que o perderon todo. Interésame o amor como incógnita, como algo indescifrable...

En *A velocidade do frío* hai dous maltratadores e sobre todo un deles é o paradigma do machista. En *Bailarina* moitos, como o militar que viola a filla. En *Interferencias* volve ese tema. Por que?

É outro dos temas aos que lles dou voltas na cabeza. O outro día nunha entrevista na TVG dixen que me sentía máis muller ca home. Decía Luís Cernuda que aprendera o oficio de ser home duramente. E Simone de Beauvoir que non se nace muller, senón que alguén faise muller. E eu quero chegar a ser un home digno. Mais, en xeral, teño máis esperanza nas mulleres que nos homes. Os homes xa demostraron que levaron o mundo ao desastre. Gustaríame que as mulleres tomasen o mando do mundo. É evidente que tamén hai mulleres que son moi malas persoas, pero está claro tamén que o sapiens macho fracasou.

De todas maneiras, así como os personaxes de *A velocidade do frío* son machistas orgullosos por moito que se decaten de que non teñen nada, o de *Interferencias* non quere ser como é. Hai un cambio niso.

O de *Interferencias* espabila, decátase do que fixo e non quere repetir o mesmo. Supoño que este tema tamén está moi presente nas novelas porque tamén está moito nas miñas clases. Son profesor de Filosofía e fálolles aos alumnos do sistema sexo-xénero. E se de algo podo dicir que fixen ben na vida, é do meu traballo como profesor. Cada día esprémome a tope. Chego á casa baldado, pero creo que consigo transmitir a dúbida, a curiosidade, a incerteza, a crítica, a forza para non dicir si porque si. E o tema do maltrato preocúpame moito. Non quero caer niso. Dáme moito medo pensar que un home, ou unha muller, poida perder o sentido da realidade e facer dano a quen máis quere.

O medo a ferir. A dúbida sobre un mesmo, nese sentido. Está moi presente en '*Interferencias*'.


É que cando un está mal psicoloxicamente, a peor parte lévana as persoas que te coidan, a xente que te quere. E eu sei que ás veces fallei como home digno. Un pode agarrarse á enfermidade, á educación recibida... Pero sabes que lle estás a romper o corazón á xente que te ama. E a maneira na que eu me sentía empapou toda a novela.

Ao mesmo tempo, hai nas novelas como unha revisión do que é "o amor". Un cuestionamento da súa definición social. Polo menos da concepción tradicional.

É que eu aínda non sei o que é amor. A atracción, a paixón, a compañía. É algo que aínda estou aprendendo. E amar ben é unha das cousas máis difíciles que hai na vida. Aprender a deixar espazo, a ser xeneroso... por moito que nos ensinasen o contrario.

Ti falabas de maltrato en *A velocidade do frío* cando o tema aínda non estaba tan presente nos medios. En *Interferencias*, ademais, a actitude e comportamento da personaxe feminina é tamén patriarcal: os ciúmes, o control... Como os personaxes de *A velocidade do frío*.

O maltrato é un tema que ves cada vez que acendes a televisión. E ademais eu vivino directamente. Coñecín moitas mulleres maltratadas e sei como é a vida dunha persoa maltratada. E o que dis de *Interferencias* é verdade. Os dous están perdidos niso. Na presentación de Vigo decía Estela que a personaxe de María tamén era maltratadora, coma el. Por suposto, non quero dicir que o maltrato consista niso e non pretendo en absoluto xustificalo. Pero neste caso é así. Os dous son culpables e están atrapados nunha idea do amor como posesión.



Parte do conflito do personaxe masculino de *Interferencias* é ensinar a historia oficial e morrer de frustración ou contar a verdade e vivir.

Si, e eu quero pensar que son como o profesor que se decide a explicar a II República. Dou clases en Vilanova desde hai máis de 20 anos. E agora non só reducen a presenza da Filosofía no ensino, senón que dan por suposto que o alumno non ten capacidade de reflexionar. Antes, en 2º de Bacharelato, a reflexión persoal do alumno valía ata catro puntos. Agora como moito 0,5. Porque entenden que un alumno non pode pensar por si mesmo.

Precisamente da proposta dun alumno xurdiu msNeuroband, a túa banda actual, non si?

Antes tiña dous alumnos e agora cambiouse un alumno por outro. E eu estou encantado de poder colaborar con eles. A música é para min.... sen ela non hai vida, ou haina, pero é como un planeta deserto. Acabamos de sacar un novo disco, *Verde*, o mes pasado. Vamos facer algunhas presentacións. O anterior, *Proceso amniótico*, era moi negro, reflexo de como me sentía eu. Este ten máis cor. As letras son duras, a música vai na liña das miñas novelas, pero deixa espazo para a esperanza. Sen ceder ao fácil, ao que pode "entrar" mellor. Teño outro proxecto no que estou eu só. Só por cantar *Te recuerdo Amanda* de Víctor Jara, que me encanta, xa me apetece facelo...

En música identificámoste máis se cadra, porén, con Korosi Dansas. Que foi referente para moita xente que comezaba no rock. Por que?

Korosi Dansas era rock serio en galego. Nós eramos, dalgún xeito, o contrapunto de Herdeiros da Crus. Nós non eramos un grupo bravú. Eles facían a festa e nós máis ben desfáciamos... Como dicía Robert Fripp, nós preferiamos facerlle á xente suar por dentro. Se tamén suaban por fóra, mellor. A nosa era unha música máis difícil, ou estrana... Aínda que, claro, eu tamén entendo perfectamente que a xente precise saltar nos concertos...

Boci, de Zénzar, por exemplo, cítavos moito.


E son xente á que valoro moito. Pelexaron con honradez. Tentaron darlle ao público, como tentabamos nós, darlle algo o máis honesto posible e que fixese reflexionar sobre a realidade do país. Non todas as nosas cancións eran diso, de crítica e de reflexión, pero case todas. Entendiámonos moi ben os catro: Josito Porto, Xurxo Romero, Roberto Camba e eu. Sobre todo no segundo disco. Pero morreunos Roberto... Estivemos cerca de 15 anos, desde o 88. E con Neuroband xa levo 15 tamén.

***A velocidade do frío* tiña disco.**

Si. Fixérao cun amigo que tamén morreu, César Morais. Non tiñamos medios. Non estou contento do son, pero si da idea. Un disco do que estou especialmente contento é *Presentimento*.

Por que?

Era aínda un disco en castelán-galego. Eu non son galegofalante natural. Cheguei ao galego con moita dificultade e con moito amor. *Presentimento* é o disco máis persoal que fixen. Porque alí estaba todo o que soñara, todo o que quería para o disco. Traballara con Segundo Grandío no seu estudo... Estivera moi ben.



Tamén escribes poesía. E moita.

Si. O primeiro que publiquei fun un libro de relatos, *Viñeron do espacio interior*, en Positivas. Ese mesmo ano, 1996, gañei o premio Xerais con *A velocidade do frío*. No 99 publiquei *Bailarina*. De poesía teño *Vestixios do verme*, en Positivas, de 1999, e *Diario de ausencias*, nunha editora portuguesa, Tema. En realidade gústame máis a poesía que a narrativa. E agora espero publicar unha triloxía de poemarios que estou a preparar. Faime moita ilusión. Serían como os poemarios do Manuel "resucitado", do Manuel novo.

De resucitar falas en *Interferencias*. Un alumno agradécelle ao profesor que lle demostrase que se pode volver despois do inferno.

É que eu estiven morto. Non esperaba nada máis que que me metesen nun manicomio. Pero con moita loita e paciencia volví. Agora estou en paz coa vida, coa xente que quero. Tardei moito. Mellor ter resucitado antes... Dedicueilles a novela a todos os humanos que sofren a dor mental. E quero que sirva de testemuño de que se pode volver. Porque ás veces ocorren milagres laicos. Hai que ter esperanza. A dor é algo real. E cando só queres berrar e chorar precisas sentirte acompañado no inferno. Pódese volver aínda que nun momento non vexas máis que a dor.

Pois diso falas nos teus libros. E relaciónalo coa forma que temos de vivir. Traballar, ter, posuír... pero estar baleiro. Como lle pasa á túa protagonista.

Eu cureime, ou penso que me curei, e toco madeira!, porque por fin conseguín coñecerme a min mesmo. Eu tiña todo. E unha muller e unha filla maravilosas e uns alumnos estimulantes. Pero non me tiña a min. Porque me autoflaxelaba, autoinmolábame. E aprendín a aceptarme, a quererme. Ter cousas non soluciona nada. A min veume moi ben vir vivir á Illa. Antes vivía en Vilagarcía, e todo era aparencia. Pero chegas á Illa co teu rolo de que te atopas fatal e dinche "pois fódete tío, búscate a vida". E veume moi ben. Fíxome espabilar. Como me dicía un amigo: "Pero se mañá vai saír o sol, gilipollas". E o sol saíu.

Desde logo. Tes moitas colaboracións en revistas, xornais...

Iso foi polo premio Xerais. Desde que pasa o efecto premio xa non é tanto. Tiña moitos encargos.